

**INFORME EN RELACIÓN CO
EXPEDIENTE PARA A DECLARACION
DE BEN DE INTERESE CULTURAL DAS
COLECCIÓN'S 'NOVAGALICIA BANCO' E
'NOVACAIXAGALICIA'**



Pazo de Raxoi, 2º andar
15705 Santiago - A Coruña
Tel.: +34 981957202

INFORME EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE PARA A DECLARACION DE BEN DE INTERESE CULTURAL DAS COLECCIÓN 'NOVAGALICIA BANCO' E 'NOVACAIXAGALICIA'

De acordo coas letras e) e d) do artigo 6 da Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega, correspóndelle a este órgano asesorar os poderes da Comunidade Autónoma na defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego e elevar informes e propostas a estes.

Por diferentes resolucións do 23 de setembro de 2013, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, acordouse a incoación de expediente para a declaración como Ben de Interese Cultural das coleccións Novagalicia Banco e Novacaixagalicia, así como do fondo bibliográfico e documental de Novagalicia Banco.

O interese que para a nosa cultura teñen estas coleccións, así como o singular momento que vive a institución titular destas, motivan que a Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega acorde, na reunión do 11 de novembro de 2013, a creación dunha comisión específica, constituída por María Luisa Sobrino, David Barro, Carlos L. Bernárdez, Natalia Poncela, Sofía Santos e Concepción Varela, para elaborar un informe previo, que, tras a súa toma en consideración pola Comisión Executiva, é remitido ao Pleno do Consello da Cultura Galega na súa sesión do 13 de marzo de 2014, para o seu debate e aprobación.

INFORME

Tras unha análise detida das coleccións artísticas e o fondo bibliográfico e documental das antigas caixas de aforros como Ben de Interese Cultural, cabe destacar o carácter sobranceiro das coñecidas como **Colección Novagalicia**

Banco e Colección Novacaixagalicia, que recollen un conxunto artístico, bibliográfico e documental único pola calidade das obras que a compoñen e polo alcance simbólico e representativo da evolución da arte galega dos últimos tempos, así como da súa historia documental.

Coa finalidade de verificar oficialmente con criterios científicos, académicos e técnicos a recoñecida relevancia das coleccións, e o seu coherente tratamento e consideración, de xeito que quede acreditado, con todas as garantías xurídicas necesarias, que estamos ante uns valores culturais que, como conxunto, merecen o maior rango de protección, elabórase este informe de cara a preservar a integridade das coleccións e o seu acceso para o estudo e gozo por parte de toda a sociedade galega.

Vaia por diante que o singular valor destas coleccións e fondos, que fai deles bens precisos dunha singular protección, vén non só da relevancia dos elementos que a integran, senón, como se dirá deseguido, da súa consideración como un conxunto singular e único do patrimonio cultural galego.

A continuación procédese a unha análise individualizada de cada unha das coleccións e fondos dos que a Xunta de Galicia considerou acaído iniciar o procedemento de Declaración de Ben de Interese Cultural.

1. As coleccións artísticas

Por unha banda, temos unha colección artística que remonta as súas orixes ás coleccións reunidas por Caixa Galicia desde finais dos anos setenta do século XX, coherente e de gran magnitude, e de incomparable singularidade á hora de conformar unha historia da arte galega en relación co contexto internacional. Pola outra, unha colección que ten a súa procedencia no legado reunido pola Obra Social da antiga Caixanova, conformada por unha ampla e representativa colección de arte galega dos séculos XIX e XX.

1.1. Colección Novagalicia Banco

No ano 1989 créase a Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín, vinculada á extinta Caixa Galicia, co obxectivo de xestionar e redimensionar a Colección xurdida a finais dos anos 70. Este é o xermolo da actual colección Novagalicia Banco.

A Colección Novagalicia Banco está composta por un total de 1343 obras (pinturas, esculturas, debuxos, gravados, fotografía e instalacións) de máis de 200 autores.

Inicialmente centrada en artistas galegos, a Colección inclúe tamén un número importante de autores tanto nados en España como internacionais de recoñecido prestixio dentro e fóra da nosa Comunidade, artistas dun interese universal e que poderían significarse como importante patrimonio en calquera lugar do mundo.

Tras un estudo pormenorizado da colección, chegamos á conclusión de que se trata dun conxunto que ten un grande interese como «unidade» de cara á súa permanencia dentro do patrimonio galego. A Colección consta dunha notable selección de obras de artistas galegos que, pola súa representatividade, simbolizan traxectorias e etapas da historia artística do país, dun valor estratéxico esencial e vital para o desenvolvemento e memoria da arte galega, o que lle confire unha grande importancia desde o punto de vista patrimonial e tamén desde a perspectiva da identidade do noso país. Entre estas obras atópanse excelentes traballos de Fernando Álvarez de Sotomayor, Francisco Asorey, Manuel Colmeiro, Prego, Luis Caruncho, José María de Labra, Jorge Castillo, Quessada, Jose Luis de Dios, Carlos Alcolea, Jorge Barbi, Menchu Lamas, Berta Cáccamo, Manolo Paz, Pamen Pereira, Álvaro Negro ou Rubén Ramos Balsa, entre outros. Convén significar que, en moitas ocasións –sobre todo en relación á arte galega–, a Colección conta cunha serie de obras de cada un dos artistas, de diferentes épocas, o que axuda a ver a evolución, traxectoria e desenvolvemento individual de cada autor ao longo da súa carreira. Neste sentido, cabe destacar o conxunto de obras reunidas de artistas como Francisco Llorens, Castelao, Arturo Souto, Isaac Díaz Pardo, José María de Labra, Urbano Lugrís, Tino Grandío, Luís Seoane, Maruja Mallo, Laxeiro,

Leopoldo Nóvoa, Darío Villalba, Francisco Leiro ou Antonio Murado, entre outros.

Tamén inclúe un conxunto de obras de artistas españois e internacionais, de recoñecido prestixio, que axudan a configurar o panorama da plástica galega no curso da modernidade e a súa historia, e, en boa medida, a contextualizar e interrelacionar as obras, o que lle dá singularidade á colección. É o caso de Joaquín Sorolla, Georges Braque, Juan Gris, Pablo Ruiz Picasso, Fernand Léger, Vassily Kandinski, Salvador Dalí, Max Ernst, Óscar Domínguez, Joan Miró, Marc Chagall, Giorgio De Chirico, María Blanchard, Roberto Matta, Antoni Tàpies, Antonio Saura, Jorge Oteiza, Eduardo Chillida, José Guerrero, Luis Gordillo, Jaume Plensa, Miguel Ángel Campano, Miquel Barceló, Juan Muñoz, Helena Almeida, Sean Scully, Julião Sarmento, Pedro Cabrita Reis, José Pedro Croft ou Valeska Soares.

Definitivamente, non existen outras coleccións en toda Galicia, incluídas as dos museos, onde estean representados moitos dos artistas que si existen nesta Colección. Trátase de obras de gran calidade, representativas e de ampla relevancia na produción dos artistas xa que foron seleccionadas durante anos por especialistas e comités de expertos. Ademais, as obras encóntranse nun excelente estado de conservación. Ao longo destes anos foron levadas a cabo numerosas exposicións dos fondos da Colección, que mostraban diferentes visións desta; así mesmo, cedéronse de forma continuada obras en préstamo para mostras importantes tanto dentro como fóra de Galicia. Proba de todo iso é a existencia de catálogos e bibliografía¹ sobre o conxunto que avalan a colección como unha entidade única e singular, unha Colección que parte do paisaxismo de finais do século XIX entroncando coa tipoloxía rural, ata os últimos movementos de finais do século pasado e comezos do século XXI.

1.2. Colección Novacaixagalicia

¹ A escolma bibliográfica pode consultarse no apéndice deste informe.

A Colección Novacaixagalicia está composta por 5638 obras de máis de mil autores de obra gráfica e autores de obra pictórica, escultórica e outras artes menores, cunha presenza predominante de obras do século XX. En total consta de 3468 pezas artísticas (pintura, escultura, fotografía, esmaltes, iconas, cerámicas, instalación e vídeo) e 2170 exemplares de obra gráfica.

A Colección nace a mediados do século XX, momento en que comezan a retornar a Galicia algúns dos artistas galegos emigrados na posguerra, logo de se constituír en 1961 a Obra Social Caixavigo. O seu obxecto inicial foi apoiar o labor dos artistas galegos, así como difundir e divulgar a riqueza cultural e plástica de Galicia. Esta Colección de Caixavigo pasará a denominarse Colección Caixanova no ano 2000 coa fusión das caixas. Reúne máis dun milleiro de pinturas e esculturas e foi cualificada no seu momento como a mellor colección de arte contemporánea galega. Nas súas orixes a colección decantouse, preferentemente, polos artistas e polas artistas galegas e o formato pictórico no desexo de reunir unha colección de arte galega dos séculos XIX e XX. Cos anos, a colección foi medrando e incorporando novos formatos e técnicas (pinturas, esculturas, gravados, debuxos, fotografías e instalacións), con obras de autores contemporáneos, dende a segunda metade do século XX ata a actualidade. O elenco abrangue creadores tanto de dentro como de fóra de Galicia.

Desde o seu inicio percíbese unha vontade de construír unha colección desde un criterio de ampla representación da produción artística galega, nomeadamente desde comezos do século XIX. Pasado o tempo conseguiu abranguer a práctica totalidade dos artistas galegos de certa significación e a totalidade dos grandes nomes, nun afán de cubrir ocos e de permitir crear un discurso desde a historia da arte, como amosa o volume *A arte galega na colección Caixanova (2005)* ou, máis recentemente, a mostra e catálogo *Da fantasía á realidade. Pintura en Galicia de 1833 a 1936 (2012)*. Nesta liña, cómpre subliñar que desde hai décadas a Fundación levou adiante unha serie de mostras monográficas, co título de «Grandes Artistas Galegos», que chegou ás 55 exposicións, nas que sempre estaban presentes obras dos propios fondos da colección, xunto con obras de diferentes procedencias. Esta vontade de colección plasmouse tamén nunha obra en catro volumes *Colección*

Caixavigo, correspondente ás obras de pintura, escultura e debuxo e publicada en 1993-1995-1999².

Alén diso, a colección de arte galega da Fundación Novacaixagalicia reflicte á perfección un dos factores que marcaron a construción dunha escola de pintura galega desde o século XIX: a «identidade». Por medio deste concepto aludimos a un dos elementos sobranceiros para entendermos a nosa arte: a historia da cultura galega e mais a súa ligazón co contexto global.

Tendo en conta estes presupostos, os fondos de Novacaixagalicia teñen unha entidade que permite o traballo con eles desde unha finalidade argumental e atendendo ao tempo á súa calidade. Obviamente, na colección sobrancean figuras e pezas de singular relevo: Antonio Puga, Jenaro Pérez Villaamil, Dionisio Fierros, Serafín Avendaño, Fernando Álvarez de Sotomayor, Castelao, Carlos Maside, Arturo Souto, Manuel Colmeiro, Maruja Mallo, Eugenio Granell, Julia Minguillón, Laxeiro, Urbano Lugrís, Luís Seoane, Manuel Mampaso, Manuel Molezún, José María de Labra, Francisco Leiro, Antón Lamazares, etc.

Outra parte importante da Colección Novacaixagalicia constitúea a obra gráfica, reunida a partir dos traballos escolmados na Bienal Internacional do Gravado, premiados e participantes de orixe diversa (Europa, América e Asia). Este certame foi convocado inicialmente pola desaparecida Caixa Ourense e, posteriormente, continuado por Caixanova e Novacaixagalicia. Alén diso, o conxunto de obra gráfica salienta pola presenza das series completas de Goya: *Caprichos*, *Desastres*, *Disparates* e *Tauromaquia* e por posuír unha obra completa de especial valor de Salvador Dalí: *A Divina Comedia*. Tamén están presentes gravadores galegos nunha ampla nómina que vai desde Pérez Villaamil, Castro Gil, Colmeiro, Seoane, Maruja Mallo ou Díaz Pardo ata artistas máis novos como Berta Cáccamo ou Manuel Facal. Por último, cabe destacar algunhas das obras gráficas de creadores como Miquel Barceló, Chillida, Canogar, Cuixart, Tàpies, Picasso, Saura ou Zobel.

A amplitude do conxunto da Colección Novacaixagalicia, a singularidade da concepción como auténtica antoloxía da arte galega, a súa adecuación para a

² A escolma bibliográfica pode consultarse no apéndice deste informe.

elaboración de discursos argumentais desde a nosa tradición e a capacidade de proxectalos no ámbito global fan da colección un valor que debe ser obxecto de especial protección.

1.3. Cartografía sobre as coleccións de entidades bancarias

No contexto galego, seguindo a dinámica do resto do contexto español, vese como, nas dúas últimas décadas do século XX, as devanditas Coleccións redimensiónanse (no caso de Novacaixagalicia), comezan (Novagalicia Banco) e subliñan a vontade divulgativa e a dimensión pública das súas políticas de programación e xestión das coleccións.

Lémbremos que se vivía un período de profesionalización do sistema artístico galego. Como exemplo, temos a creación dalgunhas institucións públicas con atención específica á arte contemporánea: CGAC (Santiago de Compostela, 1993), MACUF (A Coruña, 1995, actual MAC), Fundación Barrié (A Coruña, 1995), Fundación Eugenio Granell (Santiago de Compostela, 1995), Pazo da Cultura (Pontevedra, 1997), Fundación Luís Seoane (A Coruña, 1998, novo edificio en 2003), Fundación Laxeiro (Vigo, 1999) ou MARCO (Vigo, 2003), entre outras.

Xunto a esta emerxencia do sector, as entidades financeiras coas súas obras sociais inician, participan e colaboran na solidez do contexto cultural e social ao mesmo tempo que marcan un interese polo mecenado e polo investimento patrimonial no contexto artístico galego. Neste senso, continúan a liña trazada por outras coleccións de entidades financeiras españolas nun escenario marcado polas fusións e absorcións. Pensemos en dúas das grandes coleccións neste rango: a *Colección BBVA* e a *Colección Banco Santander*, ambas formadas polo resultado de distintas fusións³.

³ Por unha banda, a Colección do Banco Exterior (entidade pública) pasou a formar parte da Colección Argentaria, á que tamén se unirán as do Banco de Bilbao e Banco de Vizcaya para formar a Colección BBVA, na actualidade con 3000 pezas. Pola outra, a Colección do Banco Urquijo pasa á colección do Banco Hispano Americano, que en 1999 pasa a converterse na Colección Banco Santander, que conta hoxe con máis de 1000 obras de arte. Actualmente,

Nun percorrido pola cartografía das coleccións das extintas caixas de aforro, atopamos o caso da *Colección da CAM* (Caja Mediterráneo). Estes fondos de arte contemporánea supoñen 215 obras, cunha valoración que supera os 10 millóns de euros, están na actualidade custodiados polo Ajuntament d'Alacant, que llos cedeu baixo réxime de comodato ao *Museo de Arte Contemporáneo de Alicante (MACA)*. Tamén hai outros exemplos de concertos de contrato de comodato entre a *Comunidade Autónoma das Illas Baleares* e a *Fundación Es Baluard Museu d'Art Modern i Contemporani de Palma*, asinados en 2008, para a cesión de uso gratuítu e temporal (a cesión terá unha duración de cinco anos prorrogables de xeito tácito por anualidades sucesivas ata un máximo de vinte anos) de varias obras de Casimir Martínez Tarrassó e Fernand Léger.

Neste marco de colaboracións, existen os fondos de adquisicións de entidades bancarias en museos estatais, como é o caso do fondo *BBVA* no *Museo de Bellas Artes de Bilbao*. Un dos acordos máis salientables entre unha institución financeira, con Obra Social, e unha institución de titularidade pública –un acordo que reverte directamente no sector público– foi o asinado, no ano 2010, entre a *Fundació la Caixa* e o *MACBA* (Museu d'Art Contemporani de Barcelona). A fusión destas dúas coleccións suma arredor de 2400 obras cun valor actual de mercado estimado nuns 160 millóns de euros.

No eido galego atopamos a *Colección da Fundación ARCO*, cedida temporalmente ao *CGAC* (Santiago de Compostela), cun total de 291 obras de artistas como Christian Boltanski, Allen Ruppersberg, Katharina Grosse, Anish Kapoor, Mike Kelley, Guillermo Kuitca, Richard Long, Lara Almarcegui, Mario Merz, Sigmar Polke, Arnulf Rainer e Richard Serra, entre outros.

2. O fondo bibliográfico e documental de Novagalicia Banco

colabora con Patrimonio Nacional, o Museo Centro de Arte Reina Sofía ou o MACBA, entre outros espazos.

Na concepción do patrimonio bibliográfico hoxe existente nos países da nosa contorna conflúen diversos valores, dos que cabe destacar o carácter único ou raro das pezas (manuscritos, libros impresos, documentos gráficos, etc.) e a súa antigüidade, os valores artísticos ou científicos, e tamén a súa inserción nun conxunto ou colección. Neste último caso, o seu valor pode estar ligado a unha persoa ou institución que desenvolveu e agrupou o conxunto bibliográfico. Nas últimas décadas, o valor identitario das pezas e coleccións engadiuse aos valores históricos expresados, o que se reflicte recentemente na normativa española (Lei 23/2011 española de depósito legal).

A Resolución que incoa o expediente para a Declaración de Ben de Interese cultural dos fondos bibliográficos de Novagalicia Banco baséase no valor atribuído ás pezas que constitúen esta colección, valor subliñado amplamente no texto inicial desta Resolución. Porén, non todas as obras que forman este fondo posúen valores atribuíbles ao patrimonio, polo que unha interpretación literal da lexislación podería, ao noso entender, poñer en cuestión a finalidade da Resolución. Dito isto, convén sinalar que non se pon en dúbida que algunhas das pezas incluídas na relación posúan valor patrimonial baseado no seu carácter único (nomeadamente a colección de autógrafos, coa excepción de que na Resolución non se indica exactamente de que pezas se trata), raro (nomeadamente algúns dos incunables, sempre coa precaución do estado incompleto dos catálogos colectivos e catálogos de bibliotecas), de antigüidade superior a 100 anos (todos os impresos de inicios do século XX e os de séculos anteriores) ou identitario (autógrafos, coas excepcións realizadas).

Polo tanto, pareceríanos máis razoable fundamentar a declaración de BIC no carácter de colección que posúen tales fondos, como conxunto de obras reunidas por unha entidade financeira galega con fins sociais, tal e como eran as antigas caixas de aforros, e cuxo valor é, por tanto, superior á suma das pezas que a compoñen. Este carácter de colección esixiría a non desmembración desta e un tratamento técnico que permita sempre garantir a permanencia da dita unidade aínda que, de ser o caso, se integrase en bibliotecas ou coleccións máis amplas, ou se continuase o crecemento dos fondos polos seus novos propietarios.

Por outra parte, a protección das coleccións está presente na lexislación patrimonial galega, como ben indica a Resolución, pero de xeito que dá a entender que é a suma de pezas sobranceiras a que outorga carácter de colección aos fondos. A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, sinala no seu artigo 75.1 que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia «os fondos e as coleccións bibliográficas e hemerográficas...», despois de definir no artigo 8.2 que entende por colección: «conxunto de bens agrupados de xeito misceláneo ou monográfico, logo dun proceso intencional de provisión ou acumulación». Tamén no artigo 75.2 da dita Lei se sinala que forman parte do patrimonio bibliográfico de Galicia «os fondos que por algunha circunstancia formen un conxunto unitario, independentemente da antigüidade das obras que o conforman». Pensamos que todas estas normas avalarían máis claramente por que este fondo bibliográfico debe ser protexido coa categoría de BIC, valorando así o proceso intencional de configuración do conxunto, o que define claramente o concepto de colección.

3. Conclusións

Para comezar, debemos subliñar que este legado, consecuencia de diversas maneiras de coleccionar para un mesmo fin, o de dar a coñecer a historia da arte e o patrimonio bibliográfico e documental galego, é froito dunha relación didáctica e reflexiva coas obras. Desde estes presupostos, o mesmo concepto e punto de partida dunha colección, incluso desde a perspectiva da adquisición das súas obras integrantes, deben conformar unha postura de diálogo coas diferentes creacións, na que as afinidades de todo tipo teñen un papel relevante, actuando como axentes creativos que permiten que as obras dialoguen entre si, o que posibilita e facilita o xurdimento dunha gran diversidade de lecturas.

E este último aspecto é o que nos leva a unha segunda faceta sobre o valor das coleccións que queremos subliñar. As máis valiosas coleccións son as que favorecen reflexións sobre determinados conceptos, cuns criterios claros e coherentes, que nos posibilitan entender e interpretar as pezas non soamente

valoradas na súa singularidade, senón tamén como parte dun argumento, dunha reflexión que quere amosar a arte e a cultura, coa súa vizosa variedade, como un xogo de enlaces ou, mesmo, en ocasións como unha enleada rede que lles dá a posibilidade ao espectador e ao estudoso de montar o seu propio discurso, sen que iso o leve a deixar de ser seducido polo valor de cada unha das obras. Do amoreamento de pezas pasamos, así, á colección creativa, a un auténtico xogo de afinidades electivas e «elixidas», que nos permite penetrar nun magma fluído, como as redes de información que saturan a nosa realidade diaria, entre as que temos de navegar e evitar a ameaza constante de naufraxio por saturación.

As coleccións deben desprezar un discurso coherente e consolidado, ben sexa histórico ou temático, baixo un criterio determinado e mantendo uns valores patrimoniais. No caso galego, un achegamento a calquera tenza da historia da nosa cultura debe necesariamente partir dunha aproximación á realidade histórica en que se sitúan os procesos artísticos e documentais. Desde as coleccións artísticas pódese evidenciar, e ese é un dos seus grandes valores, o desenvolvemento da imaxe pictórica galega desde mediados do século XIX ata finais do século XX, entendendo este fenómeno enmarcado no seu contexto nacional, mais tamén como un anaco da tradición cultural europea producida nun país que posúe unha marcada singularidade histórica. A súa peculiaridade non resulta como inevitable consecuencia da súa situación xeográfica, senón por unha vontade de procurar a sintonía entre os valores identitarios e sociais do contexto galego, a pegada da súa tradición e os seus referentes culturais, e as grandes correntes artísticas europeas e internacionais.

Por outra banda, cómpre salientar que se trata dunhas coleccións froito do carácter de «obra social» que tiñan como misión as antigas caixas de aforros, que foron adquiridas ao longo do tempo con recursos públicos dunhas entidades financeiras imbricadas na sociedade galega, destinataria última deste patrimonio que ela mesma foi xerando; un aspecto que completa e valoriza de xeito senlleiro a Colección.

Por todo o exposto, o Consello conclúe en considerar as coleccións obxecto deste informe como un legado imprescindible para a historia de Galicia,

ratificado pola importancia da maior parte de artistas e a calidade da obra seleccionada. Entendemos que, sen dúbida, se trata dunhas coleccións merecedoras dunha protección como a de declararse Ben de Interese Cultural.

Asemade considérase que, como ambas as coleccións posúen infraestruturas de conservación e capacidade expositiva autónoma, o máis conveniente debería ser que cada unha delas quedase na súa localización de orixe, ao dispor de novos proxectos expositivos atendendo á maior difusión posible para o coñecemento do conxunto da cidadanía.

Para finalizar, subliñamos que se trata dun patrimonio vinculado aos fins sociais dunhas entidades fundacionais e financeiras de Galicia e, nese sentido, entendemos a importancia de que a destinataria última dese patrimonio sexa a nosa sociedade, que cos seus propios recursos e esforzos foi xerando ao longo do tempo este legado.

Apéndice bibliográfico

Bibliografía relacionada coa Colección Novagalicia Banco

- ***175 dibuxos de Castelao*** (catálogo), Caixa de Aforros de Galicia, Santiago de Compostela, 1976.
- ***Debuxando a Laxeiro*** (catálogo), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2008.
- ***Colección de arte gallego Caixa Galicia. Sede Fundación Caixa Galicia Ourense*** (catálogo), Caixa Galicia, 1995.
- ***Colección de arte gallego Caixa Galicia. Sede Fundación Caixa Galicia Vigo*** (catálogo), Caixa Galicia, 1996.
- ***Colección de arte Caixa Galicia*** (catálogo), Exposición Estación Marítima A Coruña. Caixa Galicia, 1996.
- ***Colección de arte Caixa Galicia*** (catálogo), Museo de BBAA San Pio V. Valencia. Fundación Caixa Galicia, 1997.
- ***Colección de arte Caixa Galicia. Novas adquisicións 96 – 98*** (catálogo), Estación Marítima. Caixa Galicia, A Coruña, 1998.
- ***Colección Caixa Galicia*** (catálogo), Fundación Caixa Galicia, Caixa Galicia- Ayuntamiento Oviedo, 1999.
- ***Colección de arte Caixa Galicia*** (catálogo), Fundación Caixa Galicia – Caixa Galicia, León, 1999.
- ***Colección Caixa Galicia*** (catálogo). Fundación Caixa Galicia. Auditorio de Galicia, Santiago, 1999
- ***Colección Caixa Galicia en Arco 00***. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 2000
- ***Colección Caixa Galicia*** (catálogo)« Novos nomes, novas propostas», Caixa Galicia, Casa das Artes, Vigo, 1997.
- ***Colección Caixa Galicia en el IVAM*** (catálogo), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.
- ***Colección Caixa Galicia*** (catálogo). Fundación Rodríguez-Acosta. Granada. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2007.

- **Francisco Lloréns. Dibujos** (catálogo), Caixa Galicia, 1996.
- **Miradas. Dende o informalismo ao multicolor.** Colección Caixa Galicia, A Coruña, 2009.
- **Miradas. Cara ao paraíso. Un diálogo coa arte galega e as vangardas internacionais.** Colección Caixa Galicia (catálogo), Fundación Caixa Galicia, 2009.
- **Miradas. Galicia ata 1975.** Colección Caixa Galicia (catálogo), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2009.
- **Miradas. Realidades, expresións, tramas. Arte en Galicia dende 1975.** Colección Caixa Galicia (catálogo), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2009.
- **Historia e arte na Casa Grande do Pozo.** Fondos Colección Caixa Galicia. Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela, 2003
- **Isaac Díaz Pardo. Nos fondos da Colección Caixa Galicia** (catálogo), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2004.
- **Isaac Díaz Pardo. Fondos Novagalicia Banco e Novacaixagalicia** (catálogo), Novacaixagalicia, A Coruña, 2012.
- **Laxeiro. O manacial da vida.** Fondos da Colección Caixa Galicia (catálogo), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2005.
- **Leopoldo Nóvoa.** Fondos Colección Caixa Galicia. Fundación Caixa Galicia, A Coruña 2000
- **Santiago, punto de encontro.** Fondos Colección Catedral de Santiago-Colección Caixa Galicia. Cabildo Catedral de Santiago-Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela, 2010.
- **Territorio de mujeres.** Fondos Colección IVAM/Colección Caixa Galicia. Palma de Mallorca, 2006
- **Tino Grandío.** Fondos da Colección Caixa Galicia. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 2003
- **Últimas adquisicións. Colección Caixa Galicia** (catálogo), Colección de arte Caixa Galicia. Monografías, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2000.

- **Urbano Lugrís nos fondos da Colección Caixa Galicia** (catálogo), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, primeira edición 2003, edición corrixida e aumentada: 2008.

CD:

- **Colección de arte Caixa Galicia** (visita virtual), Caixa Galicia, A Coruña, 1996.
- **Colección de arte Caixa Galicia. Novas adquisicións 96 – 98** (catálogo selección obras y autores), Caixa Galicia, A Coruña, 1998.
- **El arte es luz. Catalogación de los fondos de la Colección de arte Caixa Galicia**, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.
- **Fondos de la Colección de Arte** (catálogo selección obras y autores), Fundación Caixa Galicia, 2002.

Bibliografía relacionada coa Colección Novacaixagalicia

- VV. AA. **Plástica gallega**. Caja de Ahorros Municipal de Vigo. 1981.
- VV. AA. **A arte galega na colección Caixanova**. 2005.
- Carballo-Calero, M^a Victoria. **Ourense, arte esencial**. Caixanova. 2005.
- Valle Pérez, José Carlos. **A arte galega na Colección Caixanova**. Caixanova, Vigo, 2005.
- VV. AA. **Pontevedra como inspiración na Colección Caixanova**. 2006.
- VV. AA. **Destino la libertad 1962-2002: colección «De Pictura»**. Fundación Caixanova. Vigo, 2007.
- Rozas, Ramón. **Artistas pontevedreses en la colección Caixanova**. Lérez Edicións. 2006.
- VV. AA. **De nova materia: escultura contemporánea na colección Caixanova**. Fundación Caixanova. 2008.

- VV. AA. **Do Neoclasicismo ao Naturalismo na Arte Galega**. Museo de Pontevedra. 2009.
- VV. AA. **Seoane, razón e compromiso**. Fundación Caixanova. 2010.
- Bernárdez, Carlos L. **Faces do país**. Fundación Novacaixagalicia. 2011.
- García Iglesias, X. M. **Da fantasía á realidade. Pintura en Galicia de 1833 a 1936**. 2012
- VV. AA. **Colección Caixavigo, pintura, escultura, dibujo, 4 volumes (1993-1995-1999)**
- VV. AA. **Afluentes 68**. Novacaixagalicia. 2013.
- VV. AA. **Afluentes 80**. Novacaixagalicia. 2013.
- VV. AA. **Afluentes 94**. Novacaixagalicia. 2013.
- **Grandes Artistas Galegos**. Caja de Ahorros Municipal de Vigo e Caixanova. 1980- 2012:
 1. Urbano Lugrís
 2. José Frau
 3. Tino Grandío
 4. José María de Labra
 5. Luís Torras
 6. Carmen Rogríguez de Legísima
 7. Fermín González Prieto
 8. Manuel Castro Gil
 9. Leopoldo Nóvoa
 10. Antón Faílde
 11. Antonio Fernández
 12. Manuel Pesqueira
 13. Manuel Torres
 14. Eugenio F. Granell
 15. Rafael Alonso
 16. Arturo Souto
 17. María Antonia Dans
 18. Rafael Úbeda
 19. Antón Abreu
 20. Ricardo Segura Torrella

21. Juan José Oliveira
22. José Solla
23. Antonio Tenreiro
24. Virxilio Fernández
25. Federico Ribas Montenegro
26. Arturo Baltar
27. María Victoria de la Fuente
28. Molezún
29. Antonio Quesada
30. Elena Colmeiro
31. Luís Caruncho
32. Xabier Pousa
33. Eiravella
34. Pedro Solveira
35. Francisco Llorens
36. José Suárez Llanos
37. Alejandro González Pascual
38. Agustín Pérez Bellas
39. Juan Luis López
40. Manuel Coia
41. Antón Goyanes
42. Alberto Datas
43. Acisclo Manzano
44. Buciños
45. Caulonga
46. Silverio Rivas
47. Gerardo Porto
48. Fernando Casás
49. Jesús Núñez
50. Xosé Luís de Dios
51. Manuel Facal
52. Carlos Sobrino
53. Alfonso Costa
54. Manuel Ruibal

55. Alfonso Sucasas